


## Recanto da música




### Tempo de refritos e boa música

Coa chegada do Nadal, a industria discográfica, aproveita esta época consumista por excelencia en que un non sabe que regalar para reeditar clásicos ou os concertos, éxitos e discografías completas dos músicos consagrados. Aproveitamos para citar e recomendar algún: *Dylan* (as "mellores" 50 cancións de Bob Dylan), *Ultimate Santana* (recopilatorio de éxitos de Carlos Santana), *Complete Clapton* (recopilatorio de Eric Clapton en 2 CDs), *Still On Top* (os grandes éxitos de Van Morrison), *Mothership* (enésimo recopilatorio de Led Zeppelin), *Joaquín Sabina* (toda a obra de Sabina remasterizada), *Rokku Mi Rokka* (do senegalés Youssou n' Dour), *Dos son multitud* (dos últimos concertos de Fito e Calamaro)... Noutra liña están *Las 101 canciones del cine*, *Pavarotti Forever* (unha voz única cuxo lugar tardará bastante tempo en ser ocupado por outra similar) ou o folk galego renovado de *Vente vindo* (do grupo Fía na Roca) ou *Home* (de Xosé Manuel Budiño).




## Recanto do cine



### Coleccións e series

É tamén época de reedición de clásicos, algún deles con regalos extras engadidos. Recomendamos dentro do cine de autor: "*Grandes maestros*" (coleccións co mellor de Buñuel, Fassbinder, Mizoguchi, Lubistch, cortos de Chaplin, filmografía de Truffaut...), *Filmoteca FNAC* (coleccións de directores de culto: Van Sant, Malle, Welles, Fassbinder, Fellini, Bergman, Pasolini, Kusturica, Yimou...), "*Leyendas vivas de Hollywood*" (películas imprescindíbeis de Rita Hayworth, Sean Connery, Jack Nicholson, Sidney Poitier, Humphrey Bogart, Cary Grant...), "*Estrellas de la Warner*" (idem de Steve McQueen, Paul Newman, Catherine Hepburn, Greta Garbo...), *El padrino* (as tres películas e un disco con escenas eliminadas, imaxes de ensaios, localizacións, reportaxes, a música...). Non esquezamos dous elementos importantes da animación: *Los Simpson. La película* e *Shrek Tercero*. E tamén recomendamos dúas series de televisión imprescindíbeis: *Twink Peaks* (remasterizada e en alta definición, entrevistas, documentais, escenas eliminadas...) e *A dos metros bajo tierra*.



Bo Nadal e moitos libros, discos e películas para a todos!



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.<sup>a</sup> Victoria Fernández de España n.º 2

15002 A Coruña

Tel.: 981 20 30 00


E-mail: jrabade@edu.xunta.es

Visita a páxina do Instituto:

<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal



Decembro 2007



## 1.º e 2.º de ESO



### Avenida do parque, 17 Agustín Fernández Paz

A vida de Marta experimenta una brusca transformación cando seus pais deciden trasladarse á cidade e alugan nela una vella casa. Ao pouco de se mudaren, comezan a ocorrer misteriosos sucesos na nova vivenda e Marta terá que aprender a convivir coa estraña presenza que habita na casa, prisioneira dunha maldición que lle impide abandonala.

"O libro é moi interesante e as aventura gústanme". Adrián Edreira Casas (1.º ESO—B)

### La ciudad de las bestias

#### Isabel Allende

Alexander Cold, un muchacho americano de 15 años, se ve obrigado a acompañar a su abuela, la aventurera, escritora y periodista Kate Cold, a una expedición a la selva amazónica organizada por la International Geographic y cuyo objetivo es capturar a la Bestia. Allí conocerá a su nueva amiga y compañera de viaje Nadia Santos y junto con un chamán llamado Walimai intentarán salvar a la gente de la neblina. Se internarán en el corazón del Amazonas y el muchacho descubrirá un mundo sorprendente y fantástico.



"Me gustó mucho porque es de aventuras muy emocionantes con un poquito de magia y emoción. Realmente es apasionante". Sara García Pérez (1.º ESO—A)




### O neno do pixama a raias / El niño con el pijama de rayas

#### John Boyne

Este relato revive o xenocidio nazi acontecido nos campos de concentración a través da mirada dun neno, fillo dun comandante destinado en Auschwitz. Alleo ao seu entorno, que coñece e consente o exterminio, Bruno ignora

a realidade.

"Refleja la ingenuidad de un niño (el protagonista) que no se da cuenta de lo afortunado que es y, por ello, es de lo más infeliz". Julia Lago Fernández-Couto (2.º ESO—A)



## 3.º, 4.º de ESO e Ciclo Medio de Comercio



### A sombra cazadora

#### Suso de Toro

"Dous irmáns viven co seu pai nunha casa afastados do mundo exterior. Fóra hai unha grande ameaza, que é terrible, pero só o seu pai a coñece. Un día o seu encerro vese alterado e o pai advírtelles do perigo dicíndolles que imaxinen que a súa sombra se separase deles e tomase vida propia e que a imaxe do espello tamén tomase vida propia e actuase pola súa conta. Se isto pasase, os fillos terían serias dificultades".

Alexandre Iglesias Muñoz (3.º ESO—A)

### Barrotes de bambú

#### Jan Terlouw

"Arthur Keizer, inspector jubilado de policía, mantene en el punto de mira a la secta de las Almas Vivas. Pero, aparte de ser un caso sin resolver, era una deuda con el pasado, ya que la hija de unos amigos había sido internada en un centro psiquiátrico por culpa de la secta, sin que él pudiera hacer nada. Su plan consiste en infiltrar a tres jóvenes en el interior de la secta: un ex-drogadicto, un chico fuerte y terco como las mulas y una jovencita despierta y decidida.


Este libro me ha gustado mucho porque es muy ameno y engancha desde la primera página hasta el final". Lorena Galán Muñoz (3.º ESO—C)



### Diario secreto de Adrian Mole / El diario secreto de Adrian Mole

#### Sue Townsend

"Adrian Mole é un adolescente que vive en Inglaterra. Día a día escribe un diario onde figura cada una das desventuras da súa vida. Os seus propios problemas de adolescente como os grans, o can, etc., non son o único: tamén ten que aguantar as súas discusións cos seus pais e as que teñen entre eles". Tamara Vázquez Castro (3.º ESO—A)



## Bacharelatos e Ciclos Superiores de Comercio



### As palabras da néboa


#### Francisco Castro

É una novela sobre a liberdade e sobre os sonhos, dos homes e dos pobos. Trata sobre una historia de tres destinos: un aventureiro que volve do Novo Mundo, un señor feudal derrotado e una muller libre que cambia a realidade só coa palabra. Maxia, libros prohibidos e una revolta campesiña na Galiza do século XVI forman o pano de fondo en que o autor sitúa un relato de guerras, meigallos, violencia e épica colectiva.

### Los pilares de la tierra

#### Ken Follet

"Obra maestra de la literatura anglosajona, se trata de una historia que te cautiva desde el primer momento. Recrea con gran detalle la historia de la Edad Media, cuando se cometieron las mayores injusticias imaginables. Te sentirás como si estuvieras allí y experimentarás distintas emociones provocadas por los conflictos, los amores, las traiciones y demás actos cometidos por los personajes. No es una obra sencilla o de lectura rápida, pero si estás buscando un libro interesante, que te mantenga en vilo desde principio a fin, esta es una opción perfecta". Daniel Suárez García (2.º Bacharelato—A)



### O príncipe da brétema / El príncipe de la niebla

#### Carlos Ruiz Zafón

"Fala dunha familia que vive no ambiente da guerra e que por este motivo ten que marchar a outro fogar. Nese novo contexto hai un misterio que envolve ao neno da familia nunhas aventuras misteriosas. Mostra aos lectores a realidade da guerra dunha forma sinxela, as crueldades e as súas consecuencias, pero de

forma amena introduce acontecementos misteriosos que fan que o lector estea en suspenso". Miriam López Núñez (1.º Bacharelato—B)

